



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Frades, cando son as 14.30 horas do día trece de xuño de 2015; en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño del Réximen Electoral Xeral e artigo 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Reximen Xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro e a fin de proceder a nova constitución do novo Concello de Frades, en base o resultado das Eleccións municipais celebradas o día 24 de maio de 2015, reunense asistidos pola secretaria - interventora do Concello Nila Sexto Carballeiro, os seguintes concelleiros electos:

D. Roberto Rey Martínez.
Dna. María Ángeles Álvarez Carro.
D. Jesús Miguel Prado Cea.
D. Jesús Francos Sánchez.
D. Ramón Garabato Boga.
D. Oscar Botana Rúa.
D. Manuel Ferreiro Marzoa.
D. Juan Carlos Portos Bra.
D. José María Pérez Lagos.
Dna. Nelly Iglesias Rey.
Dna. Lorena Suárez Pardo.

FORMACIÓN DA MESA DE IDADE.

Seguidamente e dacordo co disposto no artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño do Réximen Electoral Xeral procedese a constituir a Mesa de Idade

A Mesa de Idade queda constituída por D. Ramón Garabato Boga, concelleiro de maior idade que a preside e Dna. Lorena Suárez Pardo, concelleira de menor idade, actuando como secretaria quen é a do Concello.

Seguidamente a Mesa de Idade procede a comprobación das credenciais que acreditan a personalidade dos concelleiros electos.

Se da conta igualmente que todos os concelleiros han formulado as declaracións preceptivas dacordo co disposto no artigo 75.7 da Lei de Bases do Réximen Local. Sin que, dacordo con ditas declaración se deriven causas incompatibilidade.

Dado que se cumpre a esixencia prevista no artigo 75.7 da citada Ley Orgánica do Réximen Electoral Xeral y artigo 37.4 del referido Regulamento de Organización, Funcionamento e Reximen Xurídico das Corporacións locais e que concurren a Sesión todos os concelleiros electos; procedese o cumprimento do requisito de prestar xuramento ou promesa previsto no artigo 108.8 da Lei 5/1985 de 19 de xuño.

O xuramento ou promesa realizouse utilizando a fórmula prevista no Real Decreto 707/1979 de 5 de abril, regulador de la toma de posesión de cargos públicos: " Xuro (



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

ou prometo) pola miña conciencia e pola miña honra, cumprir fielmente as miñas obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Frades con lealdade o Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

A continuación o Secretario do Concello procede a nombrar a cada un concelleiros electos, leendo a fórmula personalmente a cada un deles. Respondendo todos de forma afirmativa.

Habendose cumprido este requisito a Mesa declara constituído o Concello.

PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS A ALCALDÍA.

Seguidamente a secretaria do Concello procede a determinar as candidaturas que se presentaran a elección de Alcalde, dacordo co art. 196 da Ley Orgánica 5/1985 do Réximen Electoral Xeral.

Ditas candidaturas son as seguintes:

D. Roberto Rey Martínez, candidato polo PP.

D. José María Pérez Lagos, candidato polo BNG.

O sistema de votación que se vai a utilizar é a votación secreta, depositando nunha urna cada un dos votos dos concelleiros. Alcanzandose o seguinte resultado do que da conta a Mesa de idade:

Votos emitidos: 11.

Votos válidos :11.

Distribuindose da seguinte maneira:

D. Roberto Rey Martínez: 8 votos.

D. José María Pérez Lagos : 3 votos.

En consecuencia e a vista do resultado da votación, o Presidente da Mesa de idade proclama Alcalde - Presidente do Concello a D. Roberto Rey Martínez quen obtuvo a maioría absoluta dos membros do mesmo.

TOMA DE POSESIÓN.

A continuación D. Roberto Rey Martínez toma posesión do seu cargo de Alcalde .- Presidente do Concello de Frades, prometendo igualmente o cumprimento de este cargo mediante a fórmula xa mencionada.

Tras estas promesa, disolvese a Mesa de Idade.



Concello de FRADES

*Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)*

*Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es*

D. Roberto Rey Martínez toma a palabra para agradecer a todos os veciños de Frades a súa participación nas eleccións municipais e a confianza posta na súa candidatura.

A continuación intervén D. José María López Lagos para desexarlle sorte o novo Alcalde e que toda a súa actividade sexa en ben dos veciños de Frades.

Dado que non existen mais asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, levántase esta cando son as 15.10 horas no lugar e fecha indicados, de todo o cual eu secretaria certifico.